ALBA colexio plurilingüe

# CONCRECIÓN CURRICULAR

Creo
un
mundo
mellor

ALBA colexio plurilingüe

## CURSO 2024/2025

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

Creo
~~nun~~ un
mundo
mellor

# INDICE

1. Contexto.

2. Obxectivos xerais da Educación Primaria.

3. Obxectivos xerais da Educación Secundaria.

4. Metodoloxía.

5. Avaliación e promoción na Educación Primaria.

6. Concesión da *Mención Honorífica* para o alumnado de 6º de Educación Primaria.

7. Avaliación e promoción na Educación Secundaria.

8. Consello Orientador.

9. Título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

10. Criterios para a concesión da *Matrícula de Honra* para o alumnado de 4º ESO.
11. Procedemento e criterios para a revisión e reclamacións das cualificacións.
12. Anexos.

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

Creo
~~nun~~
mundo
mellor

## 1.- CONTEXTO

O noso centro está situado no centro da cidade de Vigo, concretamente na rúa Esperanto nº. 8, paralela á céntrica rúa de Urzaiz. No contorno do colexio hai numerosos comercios, entidades bancarias, cafetarías e outros negocios, ademais de moitas vivendas familiares, nas que habita a case totalidade dos nosos alumnos e alumnas, máis de 600 rapaces e rapazas que cursan desde Educación Infantil ata 4º de Educación Secundaria Contamos con dúas liñas.

O feito de estar no centro da cidade proporciona vantaxes coma a de poder asistir a cines, teatros, etc.

O centro consta de dous edificios, un onde se atopan as aulas de primeiro ciclo de primaria, sala de mestres, secretaria, despachos de dirección, biblioteca e sala de xuntas. Ese edificio está comunicado con outro de maiores dimensións que se divide en catro plantas e un baixo. No baixo atópanse o ximnasio e a aula de audiovisuais, así como baños con vestiarios e duchas e a sala de ascensores. Na primeira planta atópanse as aulas de educación Infantil, na segunda planta as aulas de educación primaria para segundo e terceiro ciclo e para secundaria contamos coa terceira planta do edificio, que se divide en oito aulas. E a cuarta e última planta do edificio conta con baños, laboratorio, aula de artes plásticas, aula de informática e unha aula de tecnoloxía .Este novo edificio ten ascensor.

O centro conta tamén cun patio exterior de grandes dimensións con canastras de baloncesto e porterías de fútbol sala, ademais dun patio cuberto e un parque infantil tamén cuberto Nunha esquina contamos cunha zona de xardín.

Dispoñemos de servizo de comedor para 140 comensais

O noventa por cento das nosa aulas xa se atopan dixitalizadas e as que faltan irán en breve.

Debemos indicar tamén que o centro oferta actividades extraescolares así como de aula matinal.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.

Segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos xerais da Educación Primaria que veñen recollidos no artigo 3 son:



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

Creo
nun
mundo
mellor

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

Artigo 3. Obxectivos da educación primaria

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

ALBA
colexio
plurilingüe

Creo ~~nun~~ un mundo mellor

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## 3. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA.

Segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos xerais da Educación Primaria que veñen recollidos no artigo 10 son:

Artigo 10. Obxectivos da educación Secundaria.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
**plurilingüe**

Creo
~~nun~~ un
mundo
mellor

violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 4.- METODOLOXÍA

Un dos elementos fundamentais no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova proposta do seu papel, máis activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Do mesmo modo se debe favorecer a motivación por aprender nos alumnos e alumnas, e a tal fin, o profesorado ha de ser capaz de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. Co propósito de manter a motivación por aprender, é necesario que o profesorado procure todo tipo de axudas para que o alumnado comprenda o que aprende, saiba para que o aprende e sexa capaz de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Creo
Nun
mundo
mellor

Desde un enfoque baseado na adquisición das competencias clave cuxo obxectivo non é só saber, senón saber aplicar o que se sabe e facelo en diferentes contextos e situacións, precísanse distintas estratexias metodolóxicas entre as que resaltaremos as seguintes:

a) Formular diferentes situacións de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado o desenvolvemento de distintos procesos cognitivos: analizar, identificar, establecer diferenzas e semellanzas, recoñecer, localizar, aplicar, resolver, etc.

b) Potenciar no alumnado a autonomía, a creatividade, a reflexión e o espírito crítico.

c) Contextualizar as aprendizaxes de tal forma que o alumnado aplique os seus coñecementos, habilidades, destrezas ou actitudes máis alá dos contidos propios da área e sexa capaz de transferir as súas aprendizaxes a contextos distintos do escolar.

d) Potenciar no alumnado procesos de aprendizaxe autónoma, nos que sexa capaz, desde o coñecemento das características da súa propia aprendizaxe, de fixarse os seus propios obxectivos, considerar interrogantes, organizar e planificar o seu traballo,buscar e seleccionar a información necesaria, executar o desenvolvemento, comprobar e contrastar os resultados e avaliar con rigor o seu propio proceso de aprendizaxe.



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

Creo ~~nun~~ un mundo mellor

e) Fomentar unha metodoloxía experiencial e investigativa, na que o alumnado desde o coñecemento adquirido se formule hipóteses en relación aos problemas formulados e mesmo comprobe os resultados destas.

f) Utilizar distintas fontes de información (directas, bibliográficas, de Internet, etc.), así como diversificar os materiais e recursos didácticos que utilicemos para o desenvolvemento e adquisición das aprendizaxes do alumnado.

g) Promover o traballo colaborador, a aceptación mutua e a empatía como elementos que enriquecen a aprendizaxe e nos forman como futuros cidadáns dunha sociedade cuxa característica principal é a pluralidade e a heteroxeneidade. Ademais, axudaranos a ver que se pode aprender non só do profesorado, senón tamén dos que nos rodean, para o que se deben fomentar as titorías entre iguais, así como procesos colaboradores, de interacción e deliberativos, baseados sempre no respecto e a solidariedade.

h) Diversificar, como veremos a continuación, estratexias e instrumentos de avaliación.

Porén, cada profesor ten recollidas nas súas programacións a distribución dos contidos e a metodoloxía utilizada en cada materia, así como os procedementos e os criterios de avaliación.

## 5.- AVALIACIÓN E PROMOCIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA.

Nas sesións de avaliación, analízanse os resultado académicos, os problemas de convivencia e o absentismo, analizando as causas e propoñendo solucións para aplicalas cando sexa preciso. Neste documento achégase o modelo de acta de avaliación (Anexo I).

Segundo a **orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, facemos as seguintes modificacións na Concreción curricular do Centro.

**Avaliación**:

1.- O grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa, e os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe están



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

especificados e concretados en cada unha das programacións das diferentes materias.

2. O alumnado con adaptación curricular deberá acadar, as competencias, os obxectivos e os estándares de aprendizaxe que aparecen nas súas adaptacións curriculares, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

3. A avaliación do alumnado seguirá sendo continua e global, tendo en conta o progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

4. Cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo en calquera momento do curso, prestando especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

5. A cualificación final das competencias clave farase a través dun documento que se cubre de forma conxunta polo profesorado na sesión de avaliación final e no que se plasma o nivel de adquisición das competencias por parte do alumnado en cada materia.



Despois de cada unha das avaliacións o profesorado analizan os datos recollidos no documento da Avaliación da practica docente e se é o caso, as medidas necesarias para a súa mellora (Anexo II).

**Promoción**:

1.- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da educación primaria, se decidirá sobre promoción do alumnado. Esta decisión será adoptada de xeito colexiado pero tendo en especial consideración a opinión do titor. No resto dos cursos (1º, 3º e 5º) a promoción será automática.

2. O alumnado que promocione con algunha cualificación negativa nalgunha materia terá un plan de apoio e reforzo para recuperala.

3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso, esta medida será excepcional e sempre que se considere a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nestes casos, o profesorado realizará un plan específico de reforzo, segundo se recolle no Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

4.- A repetición so poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

Creo
~~x~~un
mundo
mellor

5.- Ao finalizar 2º e 4º de Educación Primaria, o titor/a realizará un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando e as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

6.- Ao rematar a etapa de Educación Primaria, o titor/a de 6º, emitirá un informe sobre a evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. O alumnado con necesidades educativas especiais terá reflectido no seu informe as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

**A continuación especificamos os criterios de promoción establecidos:**

- A decisión de promoción será tomada por todo o equipo docente do grupo, tendo en conta os criterios de promoción, de maneira colexiada e tomando especialmente consideración a información e o criterio do mestre titor ou mestra titora.
- Cando nas competencias matemáticas e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía teña acadadas as destrezas necesarias que lle permitan afrontar o curso seguinte con aproveitamento.
- Cando na competencia lingüística teña acadadas as competencias de expresión e comprensión que lle permitan afrontar o seguinte curso con aproveitamento.
- No caso do alumnado que presenta necesidades educativas, terase en conta a especial vinculación co grupo no que se atopa para fomentar o seu desenvolvemento persoal e emocional.
- No caso do alumnado que baixara o seu rendemento académico por motivos persoais (problemas na familia, sufrir acoso durante o curso, etc.) sendo esta unha situación excepcional e tendo na súa etapa educativa bos resultados, en xeral.

## 6.- CONCESIÓN DA MENCIÓN HONORÍFICA PARA O ALUMNADO DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.



ALBA
T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
**plurilingüe**

Creo
~~n~~un
mundo
mellor

ALBA

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

## 7.- AVALIACIÓN E PROMOCIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA.

Nas sesións de avaliación, analízanse os resultado académicos, os problemas de convivencia e o absentismo, analizando as causas e propoñendo solucións para aplicalas cando sexa preciso.

Segundo a **orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, facemos as seguintes modificacións na Concreción curricular do Centro.

**Avaliación**:

1.- O grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa, e os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe están especificados e concretados en cada unha das programacións das diferentes materias.

2. O alumnado con adaptación curricular deberá acadar, as competencias, os obxectivos e os estándares de aprendizaxe que aparecen nas súas adaptación curriculares, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou obter o título de graduado/a en Educación Secundaria.

3. A avaliación do alumnado seguirá sendo continua, formativa e integradora, tendo en conta o progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

4. Cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo en calquera momento do curso, prestando especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

5.- A avaliación será integradora e terá en conta todas as materias, sen embargo isto non impedirá que o profesorado realice unha avaliación diferenciada de cada materia tendo en conta os seus criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

6.- Realizaranse tres sesións de avaliación parcial coas súas correspondentes recuperacións.

7.- Segundo a normativa vixente, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, as sesións de avaliación final



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA colexio plurilingüe

Creo un mundo mellor

extraordinaria do alumnado deberán realizarse a partir do día 23 de xuño de 2025, polo tanto, a sesión da terceira avaliación parcial da Educación Secundaria Obrigatoria deberá coincidir coa sesión de avaliación final..

8.- A cualificación definitiva das materias farase efectiva na avaliación final de curso, que terá tamén unha valoración das competencias clave.

9.- A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto (Anexo III).

10.- As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

**Atención ao alumnado con materias pendentes**

O alumnado con materias pendentes realizará a proba ordinaria do mes de maio aínda que, previamente, terá opción de superar a materia con traballos ou nas probas establecidas polo noso centro no mes de xaneiro. A organización e a corrección das probas ou traballos correrá a cargo do profesorado que impartiu a materia.

No presente curso 2024/25 o alumnado terá unha oportunidade no mes de xuño para superar estas materias pendentes. Na cualificación final das materias pendentes terase en conta a proba obxectiva así como a evolución e o traballo ao longo do curso.

**Promoción**:

1.- Ao finalizar cada un dos cursos da etapa, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción, de maneira colexiada, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. O alumnado acadará a promoción ao seguinte curso cando teña superado todas as materias ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, tendo en conta as materias non superadas dos cursos anteriores.



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA colexio plurilingüe

3.- O equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumno/a sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

e) Que o alumno/a ten unha incorporación tardía ao sistema educativo español, provén dun país estranxeiro e a súa evolución académica sexa favorable.

f) Que o alumno/a estea a pasar unha situación persoal, familiar ou médica grave que lle impida realizar os exames do último trimestre, **sendo esta unha situación excepcional e tendo durante o curso ou na súa etapa educativa bos resultados, en xeral.**

Creo nun mundo mellor

4. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

5. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

6. O alumnado que non acade a promoción permanecerá, excepcionalmente, un ano máis no mesmo curso. Tomarase esta medida, logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio durante o curso.

7. A permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, segundo o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

8. O alumnado poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.

9.- De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece segundo o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## 8.- CONSELLO ORIENTADOR

1.- Ao finalizar o segundo curso entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a titoría legal de cada alumna ou alumno un consello orientador, que incluirá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta ás familias da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación.

2. Ao finalizar a etapa de Educación Secundaria, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluirá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

3. Este consello orientador será elaborado polo titor/a co asesoramento do departamento de orientación e incluirase no expediente da alumna ou do alumno.

## 9.- TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

3. Obterase tamén o título de graduado en educación secundaria obrigatoria sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

Creo ~~nun~~ un mundo mellor



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

d) Que o alumno/a ten unha incorporación tardía ao sistema educativo español, provén dun país estranxeiro e a súa evolución académica sexa favorable.

e) Que o alumno/a estea a pasar unha situación persoal, familiar ou médica grave que lle impida realizar os exames do último trimestre, **sendo esta unha situación excepcional e tendo durante o curso ou na súa etapa educativa bos resultados, en xeral.**

Creo xun mundo mellor

4. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

5. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.

## 10.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA PARA O ALUMNADO DE 4º ESO

Na Resolución do 20 de xullo de 2017 da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento académico 2017/18, no seu artigo 13 sobre o proceso de avaliación dos alumnos, establece o seguinte:

"O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño de cuarto curso, obtivese unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de matrícula de honra (MH). Esta distinción concederase a un número non superior ao 5% ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso.

En todo caso, esta distinción adoptarase conforme os criterios previamente acordados e establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica e consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

específica.”

Pode ocorrer que o número de alumnos/as aos que se lles poida conceder a mención *Matrícula de Honra*, exceda da proporción indicada no punto 13 anterior. Para cando se dea esta circunstancia, a Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) do noso centro acordou, que os criterio de desempate serán:

1.- Nota media obtida en todos os cursos da ESO (1º, 2º, 3º e 4º).

2.- Maior número de sobresalientes en 4º ESO.

3.- Maior número de sobresalientes con “10” obtidos en 4º ESO.

Unha vez ordenados todos eles, asignaranse, segundo a orde establecida tantas *Matrículas de Honra* como sexan a proporción indicada no punto 13 da orde citada anteriormente.

## 11.- PROCEDEMENTO E CRITERIOS PARA A REVISIÓN E RECLAMACIÓNS DAS CUALIFICACIÓNS.



As datas dos exames oficiais de recuperación serán enviados ás familias a través da plataforma Tokapp e/ou Abalar.

O centro facilitará na medida do posible cambios de datas de exames a aquel alumnado, deportista de elite, que estivera inscrito en competicións de nivel autonómico, nacional ou internacional, sempre que sexan notificadas ao profesorado no momento no que o alumnado implicado teña coñecemento das datas de participación.

O centro facilitará na medida do posible o cambio de datas de exames a aquel alumnado que participe en actividades artísticas ou relacionadas co mundo académico de probada solvencia, sempre que sexan notificadas ao profesorado no momento no que o alumnado implicado teña coñecemento das datas de participación.

Cando un alumno ou unha alumna non poida asistir a un exame de avaliación nas datas establecidas, por causas de forza maior non contempladas nos puntos anteriores, reunirase a comisión formada polo Xefe/a de Estudos, o profesorado titor do grupo e o profesorado da materia afectada para decidir a procedencia ou non da repetición da proba noutras datas.

***<u>Normativa</u>****: Orde do ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*

**<u>Procedemento de revisión no centro</u>**



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

Creo
xun
mundo
mellor

1. O alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización e funcionamento, ao profesorado e á persoa docente titora cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. En todo caso, a reclamación formal abranguerá unicamente as cualificacións finais.

2. No caso de que persista o desacordo coa cualificación final obtida nunha área, materia ou ámbito, ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno ou alumna, este ou as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar por escrito a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días lectivos, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación (Anexo IV).

3. A solicitude que teña por obxecto a revisión dunha cualificación, que conterá cantas alegacións xustifiquen a desconformidade coa cualificación final ou coa decisión adoptada, será tramitada a través da xefatura de estudos, quen a trasladará ao equipo docente ou ao departamento didáctico responsable da área, materia ou ámbito con cuxa cualificación se manifesta o desacordo, e comunicará tal circunstancia á persoa docente titora. Cando o obxecto da revisión sexa a decisión de promoción ou titulación, a solicitude trasladarase á persoa docente titora do alumno ou alumna, como responsable da coordinación da sesión final de avaliación en que a decisión foi adoptada.

4. Cando a solicitude de revisión teña por obxecto a revisión dunha cualificación final, no primeiro día lectivo seguinte, ou se for o caso, hábil, a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión, cada equipo docente ou departamento didáctico, segundo proceda, analizará as solicitudes de revisión recibidas e elaborará os correspondentes informes que recollan a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.

No proceso de revisión da cualificación final obtida nunha área, materia ou ámbito, os membros do equipo docente ou do departamento didáctico contrastarán as actuacións seguidas no proceso de avaliación do alumno e alumna co establecido na programación didáctica, con especial referencia aos seguintes aspectos, que deberán recollerse no informe: (Anexo V)

a) Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.

c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.

d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

O equipo docente ou o departamento didáctico correspondente trasladará o informe elaborado á xefatura de estudos, quen comunicará por escrito como máximo no día lectivo seguinte, ou se for o caso, hábil, ao alumnado, ás súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, a decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada e informará desta á persoa docente titora facéndolle entrega dunha copia do escrito cursado co xustificante de recepción pertinente (Anexo VI).

5. Á vista do informe elaborado polo equipo docente ou departamento didáctico e en función dos criterios de promoción e titulación establecidos con carácter xeral no centro e aplicados ao alumno ou alumna, a xefatura de estudos e a persoa docente titora, como persoa coordinadora do proceso de avaliación, considerarán a pertinencia de reunir en sesión extraordinaria o equipo docente co fin de que este, en función dos novos datos achegados ou pola solicitude das persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, se for o caso, valore a necesidade de revisar as decisións adoptadas.

6. Cando a solicitude de revisión teña por obxecto a decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno ou alumna, celebrarase unha reunión extraordinaria no prazo máximo de dous días lectivos, ou se for o caso hábiles, desde a finalización do período de solicitude de revisión. Na reunión revisarase o proceso de adopción da dita medida á vista das alegacións realizadas.

Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou modificación da decisión obxecto da revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a promoción ou titulación dos alumnos e alumnas establecidos con carácter xeral na proposta curricular.

A dirección do centro comunicará por escrito ao alumno ou alumna e ás súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal a ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación, o que porá fin ao procedemento de revisión.

7. Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación dalgunha cualificación final, ou ben da decisión de promoción ou titulación adoptada, a



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

persoa titular da secretaría do centro, co visto e prace da dirección do centro, anotará nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico, a oportuna dilixencia.

8. As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente, que se lle remitirán en formato dixital.

9. Nos centros privados, as solicitudes de revisión tramitaranse na forma e polos órganos que determinen as súas normas de funcionamento, e será de aplicación supletoria a presente orde en todo o non regulado nas devanditas normas para os centros concertados. En todo caso, o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán reclamar ante a xefatura territorial correspondente contra as decisións adoptadas segundo o procedemento establecido no artigo seguinte.

Creo
un
mundo
mellor

**Procedemento de reclamación ante as xefaturas territoriais**

1. No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final de curso obtida nunha área, materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción ou titulación adoptada polo equipo docente, o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán presentar por escrito á dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2. A dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e en todo caso non superior a tres días hábiles, remitirá o expediente á xefatura territorial. O devandito expediente incorporará os informes elaborados no centro, copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación do alumno ou alumna, así como, se é o caso, as novas alegacións do reclamante e o informe, se procede, do director ou directora sobre estas.

3. O Servizo de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do equipo docente ou departamento didáctico respectivo e da proposta curricular, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación en función dos seguintes criterios:

> a) Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.

c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.

d) Cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.

4. O Servizo de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente especialista nas áreas, materias ou ámbitos a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.

5. No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo de Inspección Educativa, a xefatura territorial adoptará a resolución pertinente, que será motivada en todo caso, e que se comunicará inmediatamente á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e que será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da xefatura territorial poñerá fin á vía administrativa.

6. Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final e dos consecuentes efectos de promoción ou titulación para o alumno ou alumna, a persoa titular da secretaría do centro, co visto e prace da dirección, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e, se é o caso, nos restantes documentos de avaliación, facendo referencia á resolución estimatoria da reclamación.

Cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, reunirase o equipo docente en sesión extraordinaria.

7. De conformidade co artigo 119.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.

Creo
~~x~~un
mundo
mellor

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

Creo
nun
mundo
mellor

**Instrucións xerais para a petición de copia de exames**

1. Cómpre que con anterioridade á entrega do formulario para solicitar a copia do exame en Secretaría, a familia ou representante legal do menor, revise o exame co profesor/a correspondente.
2. A solicitude será asinada polo pai/nai/ titor legal do alumno/a e presentada na Secretaría do Centro, segundo formulario do Anexo VIII.
3. A fotocopia do exame facilitarase nun prazo de 15 días dende o momento da entrega deste formulario.
4. No momento da recollida do exame, en Secretaría, a persoa solicitante deberá identificarse co DNI.
5. Só se admitirá unha instancia por exame.



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

Creo
~~n~~un
mundo
mellor

# ANEXOS

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA colexio plurilingüe

# Anexo I

## MODELO DE ACTA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

**CURSO 24/25: …………….. trimestre**

***titor/A:***

***aula:***

Creo ~~n~~un mundo mellor

***NÚMERO DE ALUMNOS/as:***

**ALUMNOS REPETIDORES:**

***valoración dos resultados xerais do grupo***

- Resultados académicos globais do grupo: (bo, regular ou malos, tantos alumnos/as suspenden tantas…. Grupo homoxéneo ou diverso….)
- clima de traballo (bo, regular, malo, tanto alumnos/as non traballan, non se esforzan, etc.)
- comportamento: adecuado, moi bo, regular… Se comportan mal por…. Habería que analizar o comportamento de…. Hai un alumno/a marxinado ou rechazado…..
- As familias: colaboran moito, pouco, adecudamente… tivemos un problema con….



ALBA
T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

## VALORACIÓN POR ÁREAS E MATERIAS

- Breve resume das áreas de coñecemento do titor/a:
- Áreas dos especialistas: inglés, música, plástica, etc.
- profesor/a… suxire….

### Casos a destacar

- Faltas de asistencia reiteradas sen xustificar:
- Faltas de puntualidade continuadas:
- Alumnado con materias pendentes do curso anterior:
- Alumnado de apoio:
- Alumnado de reforzo:
- Posibles repeticións:

Creo ~~n~~un mundo mellor

## MEDIDAS A ADOPTAR EN EL 3º TRIMESTRE

- Planificación: vamos ben, vamos retrasados, se pode repasar, non deu tempo…
- Metodoloxía: propostas de mellora (tempos, distribución da aula, cambio de horarios de materias….)
- Atención á diversidade: alumnado que debería ter o seguir en apoio, se funciona ben ou mal co apoio, non lle chega….
- Coordinación: pedir axuda ao Departamento de Orientación para… a AL para ….

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA colexio plurilingüe

# Anexo II

## AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

| CURSO 20...../20...... AVALIACIÓN: MATERIA: | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA** | | | | | | | |
| **Avaliación dos procesos de ensinanza** | **1º A** | **1ºB** | **2ºA** | **2ºB** | **3ºA** | **3ºB** | **4ºA** | **4ºB** |
| 1.-A adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado foi: (1) | | | | | | | | |
| 2.-As aprendizaxes acadadas polo alumnado foron: (2) | | | | | | | | |
| 3.- As medidas de atención á diversidade dentro da aula foron: (1) | | | | | | | | |
| 4.-O desenvolvemento da programación didáctica foi: (3) | | | | | | | | |
| 5.-A organización da aula para desenvolver ás programacións foi: (1) | | | | | | | | |
| 6.- O aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións foi: (1) | | | | | | | | |
| 7.- Os procedementos de avaliación do alumnado foron: (1) | | | | | | | | |
| 8.- A coordinación do profesorado foi: (1) | | | | | | | | |

Creo ~~nun~~ un mundo mellor

(1): **B**: boa / **A**: aceptable / **M**: mellorable.
(2): Éxito académico (% de aprobados): **B**: boa >90% / **A**: aceptable 70% / **M**: mellorable **<**65%.
(3): Programación impartida: **B**: impartida 100% / **M**: impartida **<75%.**

**OBSERVACIÓNS**

| |
|---|
| 1.- |
| 2.- |
| 3.- |
| 4.- |
| 5.- |
| 6.- |
| 7.- |

ALBA
T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
**plurilingüe**

Creo
~~n~~un
mundo
mellor

ALBA

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

Creo
~~x~~un
mundo
mellor

# Anexo III

## MODELO DE ACTA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

| Data: | Curso: | Sección: |
|---|---|---|

**ASISTENTES:**

| | |
|---|---|
| x | Perfecto M. Leirós Valverde (**Director**) |
| x | Patricia Dapena Carrera (**Xefa de estudos**) |
| | Luis Miguel Alonso Rodríguez |
| | Enrique Camesella Sousa |
| | Margarita Pérez Gómez |
| | Carlos Durán Abollo |
| | María Lucía González Carballás |
| | Eva M. Martinez Adega |
| | Andrea Montes Arias |
| | Juan Pablo Perez Vilar |
| | Ángel M. Rodas Gallego |
| | Carmen María Rúa Vila |
| | Elena Sestelo Villafines |
| | Pablo Sestelo Villafines |
| | Nuria Valle Martínez |
| | Juan José Veiga Teijeira |

**VALORACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE DO GRUPO:**

- **A NIVEL ACADÉMICO (Atención, participación, traballo diario …)**

- **A NIVEL SOCIAL E CONDUCTUAL (relacións entre eles, cos profesores, clima de aula, participación, ambiente de traballo, comportamento …)**

- **CARACTERÍSTICAS INDIVIDUAIS (alumnado con situacións significativas)**

- **NÚMERO DE ALUMNOS SUSPENSOS E APROBADOS POR ÁREAS:**

ALBA
T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA colexio plurilingüe

Creo ~~nun~~ mundo mellor

| MATERIA | APROBADOS | SUSPENSOS | GLOBAL | % SUSPENSOS |
|---|---|---|---|---|
| Bioloxía e xeoloxía | | | | |
| Xeografía e historia | | | | |
| Educación física | | | | |
| Ed. Plástica e visual | | | | |
| Física e química | | | | |
| Lingua Castelá | | | | |
| Lingua Galega | | | | |
| Matemáticas | | | | |
| Música | | | | |
| Tecnoloxía | | | | |
| Oratoria | | | | |
| Economía | | | | |
| Inglés | | | | |
| Cultura Clásica | | | | |
| Francés | | | | |
| Relixión Católica | | | | |
| Valores éticos | | | | |

**ACORDOS:**

- **ACORDOS RESPECTO AO AULA:**
- **ACORDOS CONCRETOS CON RESPECTO AO ALUMNADO:**

**5. OBSERVACIÓNS DE CARA AO CURSO/AVALIACIÓN SEGUINTE:**

Acta aprobada por (indicar titor/a):

En Vigo, a ……… de …….. do 202……

Asinado/a polo titor/a:



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
**plurilingüe**

Creo
~~x~~un
mundo
mellor

# Anexo IV

## FORMULARIO DE SOLICITUDE DE REVISIÓN DE EXAME

**DATOS DO ALUMNO/A**

D/Dna. ___________________________________________________________

Curso __________________ Grupo____________ Teléfono____________________

**SOLICITA**

A revisión do exame da materia de _______________________________________

ao profesor/a _________________________________________________________

En Vigo, a ________de_______________ de 20

O/A alumno/a

Asinado .:

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA colexio plurilingüe

# Anexo V

## FORMULARIO DE RECLAMACIÓN ANTE O CENTRO

***Á atención do director do CPR Plurilingüe Alba.***

**ASUNTO: RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓNS FINAIS**

Alumno/a ______________________________________________________ con

DNI __________________Curso _________________ Grupo___________

**PERSOA QUE FORMULA A RECLAMACIÓN E RELACIÓN CO/COA ALUMNO/A**

Alumno/a ____________________________________________________ con

DNI ___________________ como pai/nai/titor/titora (indicar cal)

_____________________ na materia______________ Curso__________

Visto que a cualificación final dada na citada materia é a seguinte__________ e estando en desacordo coa mesma, formúlase a presente reclamación en base aos seguintes feitos.

**Feitos/motivos alegados na reclamación**

- ☐ A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliables sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno/a cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- ☐ Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme ao sinalado na programación didáctica.
- ☐ A aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia non foron os correctos.

Creo ~~nun~~ mundo mellor

ALBA

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

Adicionalmente aos feitos alegados, fago tamén constar as seguintes consideracións de valoración, para que sexan observadas e tidas en conta, na decisión sobre a presente reclamación:

Documentación achegada coa reclamación:

En Vigo, a _______de_____________ de 20

Persoa que formula a reclamación:

Asinado .:

ALBA colexio plurilingüe

Creo nun mundo mellor

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA colexio plurilingüe

# Anexo VI

## MODELO INFORME DE DEPARTAMENTO/EQUIPO DOCENTE

En Vigo, sendo as ___________ horas do día _______ de ______ de 20___, reúnense os membros do departamento/equipo docente que se citan de seguido para tratar a revisión da cualificación final outorgada polo profesor/a ________________________________ ao alumno/a__________________________ de _____________ da materia ______________

| |
|---|
| **Asistentes:** |

Recibida da dirección do Centro, en prazo e forma, a reclamación en primeira instancia sobre a cualificación final outorgada ao/á alumno/a arriba indicado, este departamento/equipo docente, logo de examinar as actuación seguidas no proceso de avaliación do/a alumno/a, no marco da programación didáctica, informa o seguinte:

1.- Descrición dos feitos e actuacións previas.

2.- Analizada a adecuación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe sobre os que se realizou a avaliación do proceso de aprendizaxe do/a alumno/a reclamante, en relación co establecido na programación didáctica, conclúese que a súa correspondencia é a que se indica:

| Elemento da programación | Corresponden cos establecidos na PD | Non se corresponden |
|---|---|---|
| Obxectivos | | |
| Contidos | | |
| Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe | | |

Creo ~~n~~un mundo mellor

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

Creo
~~n~~un
mundo
mellor

3.- Analizados os procedementos e instrumentos de avaliación aplicados ao/á alumno/a reclamante en relación co sinalado na programación didáctica, dedúcese que si foron/non foron correctamente desenvoltos, xa que ________________________________________________________________________________

_______________.

4.- Analizada a aplicación dos criterios de cualificación, comprobando que estes se corresponden cos establecidos nas páxinas _______________ da PD, estímase que foron / non foron correctamente aplicados, xa que ________________________________________________________________________________

________________.

5.- Considerando a información obtida da análise dos elementos anteriores, os membros do departamento acordan por unanimidade/maioría:

| | |
|---|---|
| | Ratificar a cualificación anteriormente outorgada. |
| | Modificar a cualificación de ______ outorgada na sesión de avaliación ordinaria por _________ |

A Xefatura do Departamento

A persoa titora

Asdo.:

Sinatura dos membros asistentes

Asdo.:

Xefatura de estudos do Centro CPR PLURILINGÜE ALBA



ALBA
T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

Creo ~~nun~~ un mundo mellor

# Anexo VII

## MODELO COMUNICACIÓN

## DA RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIÓN

**Asunto: Reclamación das cualificacións**

Reclamante: ________________________________

Materia: __________________________________

Curso: _________________

Vista a reclamación presentada por _____________________________alumno/a do CPR Plurilingüe Alba perante a dirección do Centro o día __________ contra a cualificación final outorgada na materia _____________ de __________ curso de Educación __________________

Primeiro:

Segundo:

**COMUNICA**

A decisión de ratificación / modificación da cualificación final obxecto de revisión mantendo / outorgando a cualificación de _____________ ante a reclamación presentada en data _____________ por ____________ contra a cualificación outorgada na materia de _______________ de Educación _____________.

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

Contra a decisión de ratificación ou modificación da cualificación revisada, de persistir o desacordo coa cualificación final, poderase presentar por escrito á dirección do CPR Plurilingüe Alba, no prazo de dous días hábiles a partir do seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

En Vigo, a __________ de _________ de 20__

O/A Xefe/a de Estudos

Asdo.:



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
plurilingüe

# Anexo VIII

## FORMULARIO DE RECLAMACIÓN

## ANTE A XEFATURA TERRITORIA

**ASUNTO: RECLAMACIÓN ANTE A XEFATURA TERRITORIA CONTRA AS CUALIFICACIÓNS FINAIS**

Alumno/a ______________________________________________________ con

DNI __________________Curso _________________ Grupo___________

**PERSOA QUE FORMULA A RECLAMACIÓN E RELACIÓN CO/COA ALUMNO/A**

Alumno/a ____________________________________________________ con

DNI ___________________ como pai/nai/titor/titora (indicar cal)

_____________________ na materia______________ Curso__________

Visto que a cualificación final dada na citada materia é a seguinte___________ e estando en desacordo coa decisión adoptada tras o procedemento de revisión no Centro e comunicada en data _______, formúlase a presente reclamación para a súa elevación ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en base aos seguintes feitos:

**Feitos/motivos alegados na reclamación**

- ☐ A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliables sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno/a cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- ☐ Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme ao sinalado na programación didáctica.
- ☐ A aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia non foron os correctos.

Creo ~~nun~~ un mundo mellor



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA colexio plurilingüe

| |
|---|
| Adicionalmente aos feitos alegados, fago tamén constar as seguintes consideracións de valoración, para que sexan observadas e tidas en conta, na decisión sobre a presente reclamación: |

| |
|---|
| Documentación achegada coa reclamación: |

Creo nun mundo mellor

En Vigo, a _______de_____________ de 20

Persoa que formula a reclamación:

Asinado

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
**plurilingüe**

Creo
~~n~~un
mundo
mellor

# Anexo IX

## FORMULARIO DE SOLICITUDE DE COPIA DE EXAME

***Á atención do director do CPR Plurilingüe Alba.***

### 1- DATOS DO SOLICITANTE

D/Dna. ____________________________________________________________

con DNI_______________________, en calidade de pai/nai/titor/a do alumno/a

_____________________________________________________________________

que cursa estudos de _________________ en Educación ______________

### 2.- DATOS DO EXAME SOLICITADO

Solicito fotocopia do exame do profesor/a que imparte a materia seguinte:

Profesor/a: D./Dña:_____________________________________________________.

Materia:____________________

**Quedo informado do seguinte:**

- Só podo solicitar fotocopias dos exames, nunca os exames orixinais.
- En ningún momento estou autorizado/a a sacar do centro os documentos orixinais, polo que as copias serán realizadas exclusivamente polo persoal autorizado do centro. Non se poderán realizar fotos co teléfono móbil.
- Se solicito exames de varios profesores/as, terase que realizar unha solicitude por exame.



T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.

ALBA
colexio
**plurilingüe**

**Tramitación:**

1. Cubrir o formulario e entregalo na secretaría do Centro onde se fará un rexistro de entrada e se entregará copia da solicitude.
2. Identificarse co DNI do solicitante, no momento da solicitude e na recollida da copia.

En Vigo, a __de________ de 20___

Asinado .:

Creo
nun
mundo
mellor

T. 986 411 810
cpr.alba@edu.xunta.es
Rúa Esperanto, 8. Vigo.